


## Exposición solidaria

Enviado por [admin1](#) [1] o Dom, 01/08/2023 - 15:28  
Curso 22\_23 [2]



Os Equipos de Actividades Extraescolares e de Dinamización da Lingua Galega do CEIP López Ferreiro realizaron, con alumnado de diferentes niveis, unha exposición fotográfica: “**A mellor luz, a solidariedade**”, co fin de colaborar co Albergue Juan XXIII na campaña de Nadal. Deste xeito, apóiase o grande labor que está a facer esta institución, ao ser refuxio e sustento de moitas persoas na nosa cidade.

Protagonizan as fotografías os distintos tipos de luz e os ollos do alumnado que as realiza ou está a ser retratado.

Ademais, cada unha das 30 imaxes están apoiadas con versos de grandes mulleres poetas galegas: Rosalía de Castro, María Mariño, Luz Pozo, María Victoria Moreno, Helena Villar, Ana María Fernández, María do Cebreiro Rábade ou Rosalía Fernández.

A exposición puido ser visitada os días 21 e 22 de decembro no claustro do Hotel Monumento San Francisco e, á volta do Nadal, as fotografías serán expostas no centro.

O motivo da exposición foi procurar diferentes produtos que precisan no Albergue: alimentarios, de hixiene persoal, de limpeza etc.

